

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE XULLO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D.^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

ACCIDENTAL:

D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte e tres de xullo do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do día 23 de xullo de 2018), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral accidental, D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de xullo de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./Sras. concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 16 de xullo de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 9 de xullo de 2018, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa primeira convocatoria para os anos 2018-2019, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. DOG núm. 137 do 18-07-2018.
- Resolución do 6 de xullo de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convoca o curso superior A fiscalización e a nova Lei de contratos do sector público. DOG núm. 137 do 18-07-2018.

- Anuncio do 11 de xullo de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na Área Acústica Residencial durante a celebración das festas patronais do Burgo na honra a Santiago Apóstolo. BOP núm. 137 do 19-07-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiari a	Obxecto da axuda	Importe
22/06/18	989	Conceder unha axuda económica.	S. X. P. S.	Pago de aluguer, correspondendo 300 € os meses de xuño, xullo e agosto e 175,68 € o mes de setembro de 2018.	1.075,68 €
22/06/18	990	Conceder unha axuda económica.	N. P. P.	Pago de recibos de electricidade correspondente a seis meses de 2018. Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018. Bono de alimentos tipo B, durante tres meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiente tipo a, durante tres meses e cunha entrega mensual.	1.075,68 €
22/06/18	991	Conceder unha axuda económica.	C. M. C.	Pago de aluguer, correspondendo 300 € os meses de maio, xuño e xullo e 175,68 € o mes de agosto de 2018.	1.075,68 €
05/07/18	1062	Conceder unha axuda económica.	R. V. G.	Pago de aluguer, correspondendo 400 € os meses de maio e	1.075,68 €

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00MX	USG/2018/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5G15 5W3Q 002R 414Q 16VA	

				xuño e 275,68 €.	
--	--	--	--	------------------	--

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 27 DE XULLO

Aula de Natureza do Xardín Botánico do Burgo.

Apertura da exposición fotográfica e didáctica “Vida silvestre do encoro de Cecebre”, de Hábitat e Emalcsa, promovida pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Ata o 30 de agosto.

OBRAIDOIRO DE ARTES PARA NENOS E NENAS, POR LUISA VALDÉS

Verán creativo. Obradoiro de arte para nenos e nenas pola artista Luisa Valdés.

Inspirar para crear. Unha semana, cada día un artista.

Lugar, datas e horarios.

O campamento terá lugar en dúas quendas:

1ª quenda do 20 ao 24 de agosto no Centro Cívico de Fonteculler.

2ª quenda do 27 ao 31 de agosto no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

Horario do Obradoiro: de 10:30 a 12:30 h.

Matriculación:

Farase unha matrícula que se entregará no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo, en horario de 9:00 a 14:00, a partir do 23 de xullo e ata o 3 de agosto por orde de inscrición.

Dirixido a nenos/as de 7 a 14 anos.

20 prazas.

Os nenos/as con capacidades diferentes ou especiais deberán consultar as condicións de inscrición.

Terán preferencia os empadroados en Culleredo.

Normas:

- 1- Os pais serán puntuais á hora de traer ao/á neno/a á entrada e saída do obradoiro.
- 2- Durante todo o obradoiro os pais ou titores terán que ter o teléfono operativo.
- 3- Non están permitidos os aparellos electrónicos nin xoguets durante o obradoiro.
- 4- Os/as nenos/as terán que traer roupa cómoda e que se poida manchar.

Programa:

Verán creativo. Inspirar para crear, unha semana, un artista cada día, Abraham Lacalle, Yoyoi Kusama, Juan Usle, Granell e Maruja Mallo. Realizarán as súas propias obras cheas de creatividade e boa enerxía. COLOR, EMOCIÓN E ARTE.

Información:

Para obter información ou para calquera aclaración ou incidencia durante o obradoiro facilitamos o número de teléfono e o correo de contacto:

981 665 597 cultura@culleredo.es”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00MX	USG/2018/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5G15 5W3Q 002R 414Q 16VA	

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde en funcións

(Asinado dixitalmente en esta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente en esta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H